CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS POLO ALUMNADO DA FACULTADES DE HISTORIA E DE BELAS ARTES DA UNIVERSIDADE DE VIGO EN CENTROS DEPENDENTES OU XESTIONADOS POLA CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

REUNIDOS

Dunha parte:

Don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura e Turismo en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 97/2018, do 26 de setembro (Diario Oficial de Galicia número 185, do 27 de setembro) actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, así como o Decreto 163/2018, do 13 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Turismo.

Doutra parte:
Don Manuel Joaquín Reigosa Roger, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia 59/2018, do 31 de maio, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) nº 109, do 8 de xuño de 2018, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, e o artigo 29 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, e publicados no DOG nº 38, do 22 de febreiro do 2019. Con enderezo en Edificio Exeria, campus universitario, 36310 Vigo.

As dúas partes recoñécense mutuamente na calidade na que interveñen capacidade legal necesaria para o outorgamento deste convenio de colaboración e, para estes efectos,

EXPOÑEN

1. Que a Consellería de Cultura e Turismo é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden, entre outras, as competencias e funcións en materia de promoción e difusión da cultura, a protección do patrimonio histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico e documental, así como dos arquivos, bibliotecas e museos de Galicia.

CVE: FvvIBhDue7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

2. Que a Universidade de Vigo é unha entidade de dereito público á que lle corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público da educación superior. Está dotada de personalidade xurídica e patrimonio propios e desfruta de autonomía académica, económica e de goberno, de acordo coa Constitución e coa Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades.

Entre os seus fins prioritarios destacan a impartición de formación adecuada, para facilitar o aprendizaxe dos estudantes, a preparación para o exercicio de actividades profesionais ou artísticas e a obtención dos títulos académicos correspondentes, así como a difusión do coñecemento e a cultura a través da formación universitaria e a súa extensión ao longo de toda a vida.

3. É de interese de ambas as dúas partes facilitar a preparación para o exercicio profesional do alumnado universitario nas áreas operativas que se determinen e para conseguir profesionais cunha visión real dos problemas, preparando a súa incorporación futura ao traballo dentro da sociedade.

4. Na nova ordenación das ensinanzas universitarias oficiais introducida, por esixencias do proceso de construción do Espazo Europeo de Educación Superior, pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, e desenvolvida polo Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, púxose unha especial énfase na realización de prácticas externas polos estudantes universitarios, previndo que os plans de estudos de grao conterán toda a formación teórica e práctica que o estudante deba adquirir, entre a que se mencionan as prácticas externas.

Neste mesmo sentido, o Estatuto do Estudante Universitario, aprobado polo Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro, recoñece no seu artigo 8 o dereito dos estudantes de grao a dispoñer da posibilidade de realización de prácticas curriculares e extra curriculares, que poderán realizarse en entidades externas e nos centros, estruturas ou servizos da Universidade, segundo a modalidade prevista e garantindo que sirvan á finalidade formativa destas.

O Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios aclara na súa regulación os obxectivos das prácticas, as entidades colaboradoras, os destinatarios, os requisitos, titorías e contidos, ademais promove a incorporación de estudantes en prácticas no ámbito das administracións públicas e no das empresas privadas, impulsando a empregabilidade dos futuros profesionais, fomentando a súa capacidade de emprendemento, creatividade e innovación.

CVE: FvvIBhDue7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

O dito Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, prevé no seu artigo 7 que para a realización das prácticas externas, as universidades ou, no seu caso, as entidades xestoras de prácticas a elas vinculadas, subscribirán convenios de cooperación coas entidades colaboradoras.

En consecuencia, polo feito de existir un interese común para facilitar a realización de actividades formativas dirixidas aos estudantes universitarios, e para permitirlles a estes aplicar e complementar os coñecementos adquiridos na súa formación académica para o exercicio futuro de actividades profesionais dentro da sociedade, ambas as dúas partes subscriben o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto e finalidade

O obxecto deste convenio é regular un programa de prácticas académicas externas entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Universidade de Vigo para facilitar a preparación para o exercicio profesional do estudantado das facultades de Historia e Belas Artes nas áreas operativas que se identifican na cláusula segunda e relacionadas coa súa formación universitaria e as posibles saídas profesionais desde os estudos cursados na Universidade de Vigo. Así, promoverase o futuro desenvolvemento profesional e o acceso ao mercado laboral das futuras persoas tituladas universitarias.

Segunda. Áreas operativas

As áreas operativas ou funcionais onde se realizarán as prácticas externas ao abeiro do presente convenio de colaboración están relacionadas con determinados ámbitos de actuación sobre os que a Consellería de Cultura e Turismo ostenta competencias, e que son os seguintes:

a) Prácticas relativas a actividades de protección, xestión, difusión e investigación do patrimonio histórico, artístico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico e documental de Galicia.

b) Prácticas relativas a aspectos determinados da xestión, investigación e difusión dos arquivos, bibliotecas e museos de Galicia.

CVE: FvvIBhDue7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

c) Prácticas relativas a aspectos determinados na organización dos arquivos, bibliotecas e museos de Galicia.
d) Prácticas relativas a aspectos determinados na creación e promoción das actividades artísticas e plásticas de Galicia.

Terceira. Alumnado destinatario das prácticas

1. Para a execución das practicas académicas externas que se regulan no presente convenio fomentarase que estas sexan accesibles para a súa realización polo alumnado con discapacidade, procurando a disposición dos recursos humanos, materiais e tecnolóxicos necesarios que aseguren a igualdade de oportunidades, a non discriminación e a accesibilidade universal.

2. Poderá realizar prácticas académicas externas nos centros dependentes da Consellería de Cultura e Turismo que se relacionan no Anexo I, o alumnado que curse estudos nas facultades de Historia e Belas Artes da Universidade de Vigo.

3. Para a realización das prácticas académicas externas o alumnado deberá cumprir cos seguintes requisitos:

a) Estar matriculado na titulación á que se vinculan as prácticas segundo as competencias que debe adquirir o alumnado.

b) Non ter superados os créditos vinculados a estas prácticas externas curriculares, e non ter realizado o depósito do título. O alumnado deberá matricularse dos créditos correspondentes ás prácticas adxudicadas.

c) Non ter cuberto o número máximo de créditos de prácticas externas extracurriculares e non ter realizadas estas prácticas na mesma entidade en convocatorias precedentes, agás que a actividade que vai desenvolver sexa nun programa diferente, nunha unidade ou dispositivo diferente ou non superase o límite máximo de horas nesa entidade e non ter realizado o depósito do título. O alumnado deberá matricular os créditos correspondentes ás prácticas extracurriculares adxudicadas.

Cuarta. Desenvolvemento das prácticas e proxecto de selección

Con base ao marco de colaboración establecido polas partes, as prácticas desenvolveranse nos centros dependentes que a Consellería de Cultura e Turismo poña a disposición do obxecto e finalidade do presente convenio, en función da dispoñibilidade en cada centro.

CVE: FvvIBhDue7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

En concreto, poderán convocarse prácticas, previa consulta da dispoñibilidade de postos pola Universidade de Vigo á dirección do centro correspondente, nos centros dependentes da Consellería que se relacionan no Anexo I.

A Universidade de Vigo realizará a pertinente convocatoria pública na que se indicará o número de prácticas e as condicións correspondentes para cada área operativa. A dita convocatoria garantirá, en todo caso, os principios de transparencia, publicidade, accesibilidade universal e igualdade de oportunidades, e nela concretarase o proxecto formativo deseñado pola Universidade para a realización de cada práctica académica externa, que deberá fixar os obxectivos educativos e as actividades a desenvolver, considerando as competencias básicas, xenéricas e/ou específicas que deban adquirir os/as estudantes. Así mesmo, os contidos das prácticas definiranse de xeito que aseguren a relación directa das competencias a adquirir cos estudos cursados.

Consultados os correspondentes centros nos que se desenvolvan as prácticas externas a determinación do número definitivo dos/das estudantes en prácticas poderá sufrir modificacións a instancia da Consellería de Cultura e Turismo tendo en conta criterios de índole didáctico e organizativo.

Quinta. Vinculación laboral

A realización das prácticas por parte do alumnado, non constitúe relación laboral ou contractual entre o alumnado e as partes asinantes, non podendo percibir contraprestación económica ningunha, séndolle de aplicación os termos e as condicións de inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social previstos na normativa vixente sobre a materia.

As cotizacións á Seguridade Social que no seu caso correspondan, non correran, en ningún caso, por conta de Consellería de Cultura e Turismo.

Sexta. Titorías e certificados

1. Para a realización das prácticas externas os/as estudantes contarán cun titor/a designado pola Consellería de Cultura e Turismo e un titor académico designado pola Universidade de Vigo, que deberá ser un profesor/a, preferentemente da propia facultade de Historia ou Belas Artes, e, en todo caso, afín ás ensinanzas ás que se vinculan as prácticas.

Os titores/as velarán pola formación dos/das alumnos/as participantes e polo cumprimento do proxecto formativo.

CVE: FvvIBhDue7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

2. O recoñecemento académico da realización das prácticas levarase a cabo mediante a expedición dunha certificación pola Universidade de Vigo á vista do informe do titor/titora, designado pola Consellería de Cultura e Turismo con mención expresa da/das area/s onde se desenvolveron as práctica e as tarefas realizadas, de conformidade co previsto no Real decreto 592/2014, do 11 de xullo.

3. Para obter o recoñecemento formal da realización das prácticas os/as alumnos/alumnas que participen nas prácticas deberán realizar un informe de seguimento intermedio e unha memoria final. En ningún caso, poderán ser avaliados favorablemente ás prácticas realizadas se ausencia total a estas excede do 15% das horas programadas.

4. Os/as profesionais que participen nesta labor como titores/as terán a consideración de colaboradores/as e igualmente se lles emitirá o certificado correspondente.

Sétima. Duración e horarios de realización das prácticas

1. A extensión das prácticas externas será a establecida pola normativa da Universidade de Vigo, cun número de 300 horas como máximo que equivalen a doce créditos ECTS.

2. Os horarios de realización das prácticas estableceranse na correspondente convocatoria de acordo coas características destas e, en función da dispoñibilidade dos unidades administrativas e/ou centros a eles asociados dependentes da Consellería de Cultura e Turismo onde se realicen estas. En todo caso, os horarios, serán compatibles coa actividade académica, formativa, de representación e participación desenvolvida polo/a estudante na universidade. En particular, o alumnado ten dereito a realizar as probas de avaliación correspondentes aos estudos en que se matriculara e a entidade está obrigada a concederlle os permisos necesarios para asistir a elas.

3. Na realización das prácticas poderanse establecer quendas rotativas co obxecto de que o alumnado poida coñecer máis dunha área.

Oitava. Seguro

A Consellería de Cultura e Turismo non se fará responsable dos accidentes ou enfermidades que o alumnado puidese padecer durante o transcurso das prácticas, nin tampouco dos danos que puidese ocasionar durante a súa realización a persoas ou bens, polo que a Universidade de Vigo comprométese a que todo o alumnado en

CVE: FvvIBhDue7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

prácticas estea cuberto por un seguro, de ser o caso, complementario ao seguro escolar, que ampare os referidos riscos.

Segundo a Resolución da Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social, do 25 de marzo de 1999, as prácticas en entidades que realicen as e os estudantes ao amparo do Real decreto 1707/2011, do 18 de novembro, actualmente derrogado e substituído polo Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, estarán cubertas polo seguro escolar, sempre que sexan organizadas ou autorizadas segundo o disposto polo devandito real decreto e que o alumnado estea matriculado e ao corrente do pago do citado seguro.

A Universidade de Vigo ten subscrito ademais un seguro de responsabilidade civil e outro de accidentes, complementarios ao seguro escolar.

Novena. Réxime financeiro

A subscrición do presente convenio de colaboración non implica incremento de custo das previsións orzamentarias aprobadas para ningunha das partes asinantes, tampouco implica asunción de compromisos de gasto por parte da Consellería de Cultura e Turismo, razón pola que non e preciso a prevía consignación orzamentaria.

Décima. Normativa lingüística

Para todas as accións que se realicen de forma escrita en galego ao abeiro desta colaboración terase en conta o disposto no Decreto 173/1982, do 17 de novembro, de normas sobre uso e ensino da lingua galega (Diario Oficial de Galicia do 20 de abril de 1983) e na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística e de acordo coas normas aprobadas pola Real Academia Galega en sesión plenaria do 12 de xullo de 2003.

Décimo primeira. Confidencialidade de datos

As partes manifestan que coñecen e comprenden a lexislación europea en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal, á que se someten de forma expresa, comprometéndose a dar un uso debido aos datos de tal natureza que obteñan como consecuencia do desenvolvemento do presente convenio, no marco do disposto polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016.

CVE: FvvIBhDue7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Así mesmo, as partes responsabilizaranse de que o tratamento de datos de carácter persoal que se poida realizar no marco deste convenio se faga con absoluto respecto ao establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e na súa normativa de desenvolvemento.

As partes comprométense a tratar os datos de carácter persoal coa finalidade exclusiva de executar o convenio.

As partes comprométense a que os datos de carácter persoal non serán obxecto de ningún tratamento distinto aos previstos neste convenio.

As partes comprométense a que os datos de carácter persoal non se cederán a terceiros, salvo nos casos en que exista unha obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer, no seu caso, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade nos termos legais previstos, mediante a comunicación ao domicilio social da respectiva entidade.

As partes adoptarán as medidas adecuadas para limitar o acceso dos seus empregados aos datos persoais durante a vixencia deste convenio.

Os datos de carácter persoal deberán ser destruídos ou devoltos unha vez finalizada a vixencia do convenio e no momento en que, en cumprimento das condicións pactadas ou legalmente previstas, remate a relación entre ambas partes; sen prexuízo das excepcións que a normativa e/ou as decisións xudiciais puidesen establecer con respecto ao mantemento temporal mínimo de certos datos que pola súa natureza así se requira. O mesmo destino haberá de darse a calquera soporte ou documento no que conste algún dato de carácter persoal obxecto de tratamento.

Os/as estudantes en prácticas que por razón das actividades formativas teñan acceso, en calquera fase do tratamento, a datos de carácter persoal non revelarán a persoa allea á Consellería de Cultura e Turismo a información da que tiveran coñecemento, nin poderán utilizala ou dispor dela dun xeito ou con finalidade distinta á esixida polas accións formativas, obriga que subsistirá aínda despois de rematadas as prácticas, respondendo en caso de incumprimento do deber de segredo fronte á aquela, sen prexuízo das responsabilidades que por igual causa puideran derivarase ante a Axencia Española de Protección de Datos.

Décimo segunda. Transparencia

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno

CVE: FvvIBhDue7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Aberto da Xunta de Galicia, e no equivalente da Universidade de Vigo, incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, a Universidade de Vigo acepta e consiste a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimo terceira. Publicidade

A Universidade de Vigo fará constar na publicidade que xere o desenvolvemento das prácticas a colaboración da Consellería de Cultura e Turismo. En particular, as publicacións impresas ou electrónicas e notificacións feitas por calquera medio conterán o logo institucional da Xunta de Galicia e, para tales efectos, cumprirase a normativa da súa imaxe corporativa.

Décimo cuarta. Avaliación e seguimento

1. Co fin de realizar o desenvolvemento, seguimento e avaliación dos resultados, así como a interpretación e cumprimento do presente convenio, as partes asinantes conveñen a constitución dunha comisión mixta, que estará integrada por dous representantes da Consellería de Cultura e Turismo, un dos cales actuará como presidente, e outros dous da Universidade de Vigo.

2. A comisión mixta terá as seguintes competencias :

a) Garantir o desenvolvemento normal dos compromisos asumidos.
b) Coordinar as accións e articular instrumentos de mellora e as fórmulas de incremento da eficacia.
c) Propor addendas ou modificacións a este convenio para que sexan aprobadas polos órganos competentes.

O réxime de funcionamento e acordos da Comisión axustarase ao establecido ao establecido na sección 3 do capítulo II da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e na sección 3ª, do capítulo I, do título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Os acordos adoptados por unanimidade no seo de esta Comisión, serán vinculantes para as partes e o seu incumprimento terá os efectos previstos na cláusula décimo-terceira.

CVE: FvvIBhDue7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Contra estes acordos, que poñen fin á vía administrativa, procederase de conformidade co disposto no artigo 44 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, ou interpoñendo recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

De non chegar a acordos, será á xurisdición contencioso-administrativa quen resolva as cuestións litixiosas que xurdan.

Décimo quinta. Causas de resolución

Serán causas de resolución as seguintes:

a) O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas establecidas.
b) A denuncia unilateral por calquera das partes, sempre e cando estea motivada en deficiencias que resulten ser irresolubles ou outras circunstancias especiais e xustificadas que fagan difícil a continuación das prácticas.
c) Cando, por causa de forza maior, as partes, ou unha delas, se vexa imposibilitada para continuar o cumprimento do convenio.
d) O transcurso do tempo estipulado sen que este se desenvolva.
e) O remate do prazo previsto para a súa vixencia.

En calquera caso, excepto o suposto de remate da vixencia do convenio, o acordo de resolución do convenio de colaboración estará precedido pola denuncia formal do mesmo, por calquera das partes mediante comunicación escrita e motivada dirixida á comisión mixta de seguimento cunha antelación mínima dun mes á data na que deba surtir efectos.

Se no momento da rescisión algún o algunha estudante estivese realizando prácticas continuará estas ata o remate establecido.

Décimo sexta. Vixencia

1. O presente convenio terá efectos desde a súa sinatura e a súa duración será de catro anos, podendo prorrogarse de forma expresa para os seguintes catro anos, de común acordo polas partes e en tanto non se denuncie expresamente como mínimo cun ano de antelación, respectando en todo caso o establecido no artigo 49 h 2º da Lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público.

CVE: FvvIBhDue7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

2. Coa sinatura deste convenio queda derrogado calquera outro que coa mesma finalidade asinaran as partes.

Décimo sétima. Réxime xurídico

O presente convenio de colaboración ten carácter administrativo, rexéndose os seus efectos polo establecido nas súas cláusulas ao abeiro do capítulo VI da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Polo demais, seralle de aplicación a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, desenvolvida polo Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, a Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, o Estatuto do Estudante Universitario, aprobado polo Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro,e o Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios.

As posibles discrepancias na aplicación e/ou interpretación deste convenio de colaboración resolveranse por diálogo directo entre as partes ou pola comisión de seguimento.

As cuestións litixiosas que puideran xurdir na súa interpretación e cumprimento serán de coñecemento e competencia da xurisdición contencioso administrativa.

En proba de conformidade cos termos deste convenio de colaboración, as partes proceden á sinatura do mesmo.

Pola Consellería de Cultura e Turismo	Pola Universidade de Vigo
Román Rodríguez González	Manuel Joaquín Reigosa Roger

CVE: FvvIBhDue7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

ANEXO I

Listado de centros dependentes ou xestionados pola Consellería de Cultura e Turismo

Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense
Museo Etnolóxico de Ribadavia
Museo do Mar de Galicia
Museo Massó
Museo das Peregrinacións e de Santiago
Museo de Belas Artes da Coruña
Museo Castro de Viladonga
Museo do Viño de Galicia
Parque Arqueolóxico de Arte Rupestre de Campo Lameiro
Parque Arqueolóxico da Cultura Castrexa Lansbrica
Arquivo de Galicia
Arquivo Histórico Provincial de Lugo
Arquivo Histórico Provincial de Ourense
Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra
Arquivo do Reino de Galicia
Arquivo central da Consellería de Cultura e Turismo
Arquivo territorial da Xunta de Galicia en Lugo
Arquivo territorial da Xunta de Galicia en Vigo
Arquivo territorial da Xunta de Galicia en Pontevedra
Biblioteca de Galicia
Biblioteca pública Miguel González Garcés da Coruña
Biblioteca pública de Lugo
Biblioteca pública de Ourense
Biblioteca pública Antonio Odriozola de Pontevedra
Biblioteca pública Anxel Casal de Santiago de Compostela
Biblioteca pública Juan Compañel de Vigo
Centro Galego de Arte Contemporánea en Santiago de Compostela
Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.
Servizo de Xestión Cultural-Sección Patrimonio, da Xefatura Territorial de Ourense da Consellería de Cultura e Turismo

Asinado por: RODRIGUEZ GONZALEZ, ROMAN
Cargo: Conselleiro
Data e hora: 29/11/2019 10:38:53

Asinado por: REIGOSA ROGER, MANUEL JOAQUIN
Cargo: Reitor (Universidade de Vigo)
Data e hora: 28/11/2019 09:58:33

CVE: FvvIBhDue7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve